



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela, o 23 de xuño de 2000

REUNIDOS

Dunha parte o rector don Darío Villanueva Prieto, en representación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Da outra don Enrique Valcárcel Rodríguez, en calidade de presidente da entidade COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorga-lo presente convenio e, para os efectos

MANIFESTAN:

Que a Universidade de Santiago de Compostela, dedicada a actividades de docencia e investigación, ten a vontade de facilitar ós alumnos da Universidade unha formación práctica que lles permita ter unha alternancia coa formación teórica, e á súa vez, logra-la súa mellor cualificación e futura adaptación á realidade social.

Que a entidade COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN, aquí representada e dedicada a actividades propias dun colexio profesional, ten interese en participar e colaborar na formación práctica da Universidade.

En consecuencia, por proposta do Consello Social, acordan formaliza-lo presente convenio de colaboración segundo as seguintes

Handwritten signature of Darío Villanueva Prieto, the rector of the University of Santiago de Compostela.

Handwritten signature of Enrique Valcárcel Rodríguez, president of the COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN.



CLÁUSULAS

Primeira.- Que a entidade COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN comprométese a colaborar coa Universidade a través do seu Consello Social, facilitando ós alumnos realizar prácticas e proxectos que lles permitan completa-la formación recibida nas aulas, de acordo coas seguintes normas:

- a) Poderán participar nestas prácticas os alumnos da titulación de Diplomado en Óptica e Optometría que no momento da solicitude teñan superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario das ensinanzas que estean cursando e que no momento da asignación non obtivesen a dita titulación. No caso de tratarse de Planos de Estudio non renovados, os estudantes deberán atoparse nos dous últimos anos de carreira (Primeiro Ciclo aprobado).
- b) O Consello Social levará a cabo o rexistro dos alumnos que opten á realización das prácticas, previa formalización da inscrición nas súas dependencias.
- c) A entidade COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN definirá as áreas ou departamentos onde os estudantes poderán face-las prácticas e proxectos, designará un titor en cada unha delas e supervisaraas; asemade, encargarse da difusión da información sobre as prácticas entre as ópticas asociadas e da centralización das ofertas.
- d) O tempo de realización das prácticas será como máximo de 500 horas por curso escolar.
- e) Nos planos de estudio renovados que contemplan créditos de libre configuración poderán ser imputados como tales (30 horas/1 crédito), previa formalización.
- f) Ó finalizar, o alumno terá dereito a dúas certificacións: unha que acredite o contido e tempo das prácticas e outra para que proceda o recoñecemento de prácticas en empresas pola USC.
- g) Establecerase unha Comisión de Seguimento, formada por dous representantes da entidade COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN e dous representantes designados polo Consello Social, encargada do control e seguimento das prácticas.



- h) A relación entre a entidade COLEXIO NACIONAL DE ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS - 6ª DELEGACIÓN e o alumno non ten vinculación laboral ningunha.
- i) Aqueles alumnos que teñan menos de vinteito anos seguen baixo a protección do seguro escolar.

Segunda.- A duración do presente convenio será de dous anos, e é prorrogable automaticamente, salvo denuncia que deberá ser comunicada nun prazo mínimo de dous meses á data de finalización da súa vixencia.

Despois de lelo ámbalas dúas partes, e en proba de conformidade, asinan e outorgan por duplicado exemplar, na cidade e data arriba indicados.

POLA UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Darío Villanueva Prieto

POLO COLEXIO NACIONAL DE
ÓPTICOS-OPTOMETRISTAS – 6ª
DELEGACIÓN

Enrique Valcárcel Rodríguez